

AS MANS DA MIÑA AVOA

Texto de INÊS CARDOSO

Ilustracións de SUSANA MATOS

Tradución de IAGO NICOLÁS

Encadernado en cartón. 24 x 21 cm. 36 páx. 16 €

As mans da miña avoa (galego)

ISBN 978-84-1343-297-7. Álbum ilustrado. MareMar.

Las manos de mi abuela (castelán)

ISBN 978-84-1343-336-3. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

As mãos da avó (português)

ISBN 978-8989-749-199-3. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Hoxe fixen queixo coa avoa. As nosas mans apertaban con suavidade, mentres viamos como o soro saía polos pequenos buratos do cincho. Parece fácil, e talvez o sexa para quen o fixo durante toda a vida, como a miña avoa...

Asomarse ao mundo con curiosidade guiada pola mellor das mestras, nunha homenaxe á memoria e á sabedoría das persoas maiores.

A importancia dos antigos saberes e a súa transmisión xeracional, marabillarse ante a maxia da vida cotiá e, sobre todo, o vencello tan especial entre unha nena observadora e a súa avoa están presentes neste entrañable relato de Inês Cardoso ilustrado por Susana Matos. Narrado en primeira persoa e en tempo presente, a protagonista de «As mans da miña avoa» fainos partícipes da fonda admiración e o respecto que sente por ela e de canto aprende ao seu carón: o proceso artesanal para elaborar queixo, a utilidade da costura para reutilizar teas, a estreita relación coa natureza a través do cultivo da horta e do coidado dos bosques...

A avoa desta historia representa a sabedoría e a experiencia; unha vida forxada a base das carencias, do esforzo e do sacrificio propios dun pasado non tan lonxano fronte aos adiantos e ás comodidades actuais. Co seu testemuño percibimos o fenómeno do despoboamento rural, as lembranzas que atesouran a memoria do matriarcado, o contraste entre o ritmo calmo de antano e as prásas de hoxe en día, a espera paciente en contraposición ao fugaz e o efémero...

Á brillante sinxeleza dun texto sen artificios, á sensibilidade e á beleza das descrições, súmase unha proposta estética que, dende a elegancia do realismo e a sutileza do bosqueño, presenta escenas domésticas ambientadas nunha contorna agraria. Realizadas con grafito —técnica na que esta ilustradora é unha recoñecida especialista— e suaves pinceladas de cor, destacan as imaxes a modo de mosaico con múltiples elementos ou as metáforas visuais onde a presenza humana se funde co protagonismo do medio natural.



- **Temática:** vencello entre unha nena e a súa avoa.
- **Idade recomendada:** dende 5 anos.
- **Aspectos destacables:** familia, avoas e avós, infancia, relación interxeracional, memoria, recordos, cultura e sociedade tradicional, o paso do tempo, historia de mulleres; curiosidade, aprendizaxe, paciencia; natureza, contorna rural; afectos, emocións; da ilustradora de «[Aquele Natal inteiro e limpo](#)».
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/as-mans-da-mina-avoa-g>

Inês Cardoso

(Proença-a-Nova, 1975)

Traballa como xornalista dende 1998. Tras dirixir o diario *Jornal de Notícias*, procedente do equipo fundador do *Jornal i* en 2009, actualmente é directora xeral editorial do grupo *Notícias Ilimitadas*. Deulle cobertura ás seccións de Administración Interna e Xustiza. Colabora coa Rádio e Televisão de Portugal como comentarista de actualidade. Compaxina a súa faceta informativa coa literatura infantil. En 2014 recibiu o Premio Matilde Rosa Araújo, promovido pola Cámara Municipal da Trofa.

Susana Matos

(Lisboa, 1976)

Licenciada en Educación Básica -na especialidade de Educación visual e tecnolóxica- pola Escola Superior de Educación de Santarém. Ampliou a súa formación con outra licenciatura en Artes Plásticas pola Escola Superior de Arte e Deseño de Caldas da Rainha. Ilustrou máis dunha decena de libros, ademais de participar en exposicións individuais e colectivas, como a Bienal de Ilustración de Guimarães en 2017. Recibiu, entre outros recoñecementos, o Premio de Ilustración Matilde Rosa Araújo 2012 da Cámara Municipal da Trofa. Foi seleccionada para o VII e o XIII Catálogo Iberoamericano de Ilustración e en 2016 estivo nominada ao Premio de Mellor Ilustración de autoría portuguesa no Festival de Banda Deseñada de Amadora. Recibiu unha mención especial no XI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado 2018. <https://www.instagram.com/susanamatosilustracao>

